



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 22/09/2020



PARLAMENTO
DE GALICIA

4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	3
4.1 11/PNP-000001 (0000435).....	3
(0000435) Entrada da iniciativa.....	4
(0000531) Reformulación da iniciativa	6
(0002264) Emendas dos Grupos Parlamentarios	7
4.2 11/PNP-000022 (0000614).....	9
(0000614) Entrada da iniciativa.....	10
(0002273) Emendas dos Grupos Parlamentarios	13
(0002285) Emendas dos Grupos Parlamentarios	14
4.3 11/PNP-000035 (0000727).....	15
(0000727) Entrada da iniciativa.....	16
(0002262) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
(0002263) Emendas dos Grupos Parlamentarios	20
4.5 11/PNP-000065 (0000910).....	22
(0000910) Entrada da iniciativa.....	23
(0002265) Emendas dos Grupos Parlamentarios	26
(0002274) Emendas dos Grupos Parlamentarios	28
4.6 11/PNP-000111 (0001272).....	29
(0001272) Entrada da iniciativa.....	30
(0002272) Emendas dos Grupos Parlamentarios	34



4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 11/PNP-000001 (0000435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia

(0000435) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID19 supón unha das situacións máis difíciles que temos afrontado como sociedade en décadas. A afectación sobre a poboación, e o seu impacto sobre o noso modo de vida, evidencian a necesidade de estar permanentemente alerta e preparados ante as posibles incidencias, e prever todos escenarios posibles para afrontar coas maiores garantías.

Galicia está inmersa neste verán nun difícil escenario, pois é un foco preocupante de rebrotes en número de contaxiados. A esta situación súmanse, entre outros elementos, a incerteza provocada pola ausencia de datos oficiais ao mesmo nivel que outras CCAA e que o Estado, a queixa sistemática dos profesionais de Atención Primaria sobre a situación do seu servizo coa non cobertura de baixas e vacacións e ausencia de materiais, a indefinición sobre as medidas para o inicio do vindeiro curso escolar e a desaparición do aparato de información e publicidade que a Xunta tivo en funcionamento ata a metade do mes de xullo.

Non existe información nítida sobre o volume, formación e protocolos de actuación de rastreadores en Galicia, nin existen explicacións sobre as reclamacións de usuarios/as e traballadores/as de residencias de maiores sobre o trato ofrecido ou evitado a persoas residentes nestes centros. Non se coñece, na actualidade

Con todo isto, é importante coñecer a previsión de funcionamento para os vindeiros meses por parte de Goberno de Galicia, e buscar os maiores acordos políticos e sociais para fortalecer o sistema sanitario e a súa rede, co fin de afrontar nas mellores condicións a situación actual e a súa continuidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2020 10:15:54
Nº Registro: 435
Data envío: 12/08/2020 10:15:54.182

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír unha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia na que se reciba información específica, o Goberno poida comparecer para o tratamento de cuestións específicas sobre a pandemia e poidan ser debatidas propostas e posibles acordos para a mellora da situación.”

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2020 10:09:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/08/2020 10:09:26



CSV: REXISTROASXLmHud9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0000531) Reformulación da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela e a través do portavoz, solicita a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertidos nos documentos con números de rexistro 435 e 436.

O contido da parte resolutiva das iniciativas, no que se di “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír unha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia na que se reciba información específica, o Goberno poida comparecer para o tratamento de cuestións específicas sobre a pandemia e poidan ser debatidas propostas e posibles acordos para a mellora da situación”.

Débase substituír polo seguinte texto: “O Parlamento de Galicia acorda crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, unha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia na que se reciba información específica, o Goberno compareza para o tratamento de cuestións relacionadas con este tema e se poidan presentar e debater propostas para posibles acordos co fin de mellorar esta situación de emerxencia.”

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/08/2020 14:18:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/08/2020 14:19:24

CSV: REXISTROVEBCUJ26
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0002264) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 21/09/2020 17:02:06
Nº Rexistro: 2264
 Data envío: 21/09/2020 17:02:06.533



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **435 (11/PNP-000001)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 22 de setembro de 2020.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rematar coa opacidade na comunicación da evolución da pandemia e garantir o dereito de acceso á información relativa á COVID-19 en Galiza. Polo tanto, a facilitar os datos con claridade e a transparencia: número de casos novos diarios, tipo de test que se están realizando e a cantas persoas, datos por concellos, acumulado histórico,...”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO04Deww08
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 17:02:06
Nº Registro: 2264
Data envío: 21/09/2020 17:02:06.533



REGISTRO
89172042232
0652000

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2020 16:52:14

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2020 16:52:23

CSV: REXISTROCHUexweb
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





4.2 11/PNP-000022 (0000614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil
Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Mercedes Queixas
Zas

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a
conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19



(0000614) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 24/08/2020 12:27:47
Nº Rexistro: 614
 Data envío: 24/08/2020 12:27:47,465



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galicia
 Rúa do Horreo, 63. Td. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir a conciliación diante de novos gromos e repuntas da COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das grandes preocupacións das familias galegas perante a aparición de novos gromos e repuntas da COVID-19 é como garantir a conciliación da vida persoal e laboral no caso de que as súas fillas e fillos non podan ir á escola ou o seu centro educativo se vexa afectado, total ou parcialmente, polo coronavirus. Unha situación que se estende a aqueles fogares con persoas adultas dependentes que sexan usuarias de centros de día ou dirixidos a persoas con discapacidade.

Malia a situación vivida en Galiza na primeira onda da COVID-19, a Xunta de Galiza non preveu este posíbel escenario nin adoptou, até o momento, medidas específicas para garantir o dereito a conciliar no caso de que unha nova vaga en outono poida supor o peche de escolas infantís, centros de ensino infantil e primario, centros ocupacionais ou de día.

Resulta inadmisíbel a nula planificación da Xunta de Galiza en materia de conciliación. Neste senso, por exemplo, o protocolo de volta ás aulas, elaborado polas consellarías de Educación e Sanidade sen diálogo algún coa comunidade educativa, tampouco as ANPAS, nin a Consellaría de Política Social teñen previsto, a escasos días





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 24/08/2020 12:27:47
Nº Rexistro: 614
 Data envío: 24/08/2020 12:27:47.465



AS CANTAS
 SAZORAS
 SAZORAS
 SAZORAS
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

do inicio do curso escolar, un escenario que se producirá no noso país a partir de setembro.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza aprobou en xuño de 2020 o ‘Bono coidado extraordinario’ cuxa vixencia se mantivo apenas até o mes de xullo.

Para o BNG garantir o dereito a conciliar debe ser unha prioridade en calquera circunstancia máis aínda nunha situación sanitaria e económica como a que estamos a vivir por mor da COVID-19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aprobar unha liña de medidas encamiñadas a garantir o dereito de conciliación perante novos gromos e repuntas da COVID-19 que inclúa, como mínimo:

- a) Axudas económicas.
- b) A creación dun servizo público de *canguros* ao que podan recorrer familias con crianzas.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
 Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2020 12:27:47
Nº Rexistro: 614
Data envío: 24/08/2020 12:27:47.465

Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/08/2020 11:55:27

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2020 11:55:38





(0002273) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19 (doc. Núm. 614).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a aprobar unha liña de medidas encamiñadas a garantir o dereito de conciliación perante novos gromos e repuntas da COVID-19 que inclúa, como mínimo:

- a) Unha liña de axudas directas extraordinarias para o coidado de menores e persoas dependentes.
- b) Facilitar un servizo de coidado a domicilio de nenas e nenos ao que de maneira urxente poidan acudir familias afectadas por unha corentena ou peche de aula ou centro escolar.
- c) Establecer incentivos en forma de axudas extraordinarias para empresas que faciliten a flexibilidade horaria ao persoal que teña que facer uso dela por causa da covid-19.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data **21/09/2020 17:00:06**


Gonzalo Caballero Míguez na data **21/09/2020 17:00:24**

CSV: REXISTRO6/n7gaYd9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





(0002285) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñago** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista **Galego 614 (11/PNP-000022)**, Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19.

Emenda de substitución,

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar unha liña de medidas encamiñadas a garantir o dereito de conciliación perante novos gromos e repuntas da COVID-19, no caso de que o Goberno central non cumpra o compromiso de aprobar un permiso retribuído a nivel nacional para as nais e pais cuxos fillos estean en corentena. Esta liña incluirá axudas económicas para que as familias poidan contratar o servizo de conciliación que prefiran”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/09/2020 18:00:38

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2020 18:00:55



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





4.3 11/PNP-000035 (0000727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Sol Díaz Mouteira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Elena Candia López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Fernández-Tapias
Núñez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Álvaro Pérez López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Rodríguez Miranda
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Elena Suárez Sarmiento
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Corina Porro Martínez

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19



(0000727) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, Encarnación Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A pandemia ocasionada pola Covid-19 fixo necesario adoptar no ámbito da xestión de recursos humanos medidas excepcionais dirixidas a reforzar os cadros de persoal para facer fronte á crecente carga asistencial derivada da Covid-19.

Galicia, no seu firme compromiso pola estabilización, mantivo anualmente, de forma ininterrompida desde o ano 2012, as convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, esgotando a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica orzamentaria, permitindo a incorporación de preto de 6.000 profesionais, con vínculo de fixeza ás institucións sanitarias, no período 2012-2019.

Aínda cando as taxas de estabilización e o incremento do 8% para as Comunidades que cumpren cos obxectivos déficit (como Galicia) permitiron incrementar estes últimos anos o número de prazas a ofertar nas OPES, non é suficiente nun contexto de indispoñibilidade de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTROXELDCHN14
Verificación
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 727
 Data envío: 25/08/2020 17:39:14.544

profesionais, que esixe mellorar as condicións laborais dos recursos humanos dispoñibles, a efectos de retelos.

Porén, a eliminación da taxa de reposición no eido da sanidade pública galega foi unha petición reiterada neste Parlamento nos últimos anos.

En marzo de 2017, gobernando o presidente Rajoy, aprobouse en Pleno por unanimidade unha proposición non de lei do grupo socialista instando ao Goberno do Estado a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten postos de traballo de carácter estable.

En decembro de 2019, xa co goberno PSOE-Podemos, o Pleno do Parlamento aprobou tamén por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Popular que demandaba “retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o Sistema Sanitario Público”.

Nas actuais circunstancias de emerxencia sanitaria, é imprescindible que o Estado elimine a taxa de reposición, tal e como foi solicitado de maneira reiterada, para que poidan ser ofertadas por cada Comunidade todos os postos que as necesidades asistenciais están a demandar.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público, permitindo ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da COVID-19”.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTROoqLDCrr14
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 727
 Data envío: 25/08/2020 17:39:14.544

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 17:20:01

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:20:18

José Manuel Rey Varela na data 25/08/2020 17:20:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:20:40

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 17:20:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:21:07

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 17:21:26

María Elena Candía López na data 25/08/2020 17:21:37

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 17:21:50

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:22:00

Álvaro Pérez López na data 25/08/2020 17:22:07

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:22:18

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 17:22:30

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 17:22:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:23:00



CSV: REXISTROoqLD0rr14
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





(0002262) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Partido Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios par poder actuar ante a pandemia da covid-19 (11/PNP-000035, doc. núm. 727).

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á convocatoria extraordinaria de todas as prazas de persoal sanitario que son posibles en función da taxa de reposición actual, e á convocatoria automática de todas as prazas novas necesarias para restituír ás perdas polo déficit producido debido á imposición da taxa de reposición unha vez que esta sexa eliminada.”

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data **21/09/2020 16:09:29**

Gonzalo Caballero Míguez na data **21/09/2020 16:09:36**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO:dlbu7C8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





(0002263) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 21/09/2020 17:01:53
Nº Rexistro: 2263
 Data envío: 21/09/2020 17:01:53.731



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **727 (11/PNP-000035)**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 22 de setembro de 2020.

Emenda de modificación

Substituír o texto que figura despois de: "...sistema sanitario público", polo seguinte:

"Tal como está recollido no punto 8.6 do ditame aprobado polo Congreso dos deputadxs coas Conclusións para a Reconstrución Social e Económica *eliminar a taxa de reposición de efectivos para así rematar coa precariedade laboral.*"

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

"2.- Elaborar de xeito urxente un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais.

3.- Convocar todas as prazas coas vacantes que se produciron desde o ano 2010 en todas as categorías profesionais.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 21/09/2020 17:01:53
Nº Registro: 2263
 Data envío: 21/09/2020 17:01:53.731



REGISTRO
 89137264N2272
 09/09/2020

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

4.- Elaborar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos onde se recollan todas as necesidades actuais de profesionais e procede á convocatoria das mesmas.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2020 16:57:21

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2020 16:57:30

CSV: REXISTRO0C00tur29
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





4.5 11/PNP-000065 (0000910)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gabriel Alén Castro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Antonio Armada Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Balseiro Orol
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Elena Candia López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ramón Carballo Páez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ovidio Rodeiro Tato
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez

Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación



(0000910) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O pasado 28 de maio a empresa Alcoa anunciou un Expediente de Regulación de Emprego para 534 traballadores das súas plantas na provincia de Lugo, como paso previo ao peche das súas factorías en Galicia, enfrontándonos así á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio na Comunidade, unha materia básica e esencial para a nosa economía. Esta noticia culmina meses de incertezas sobre a viabilidade da empresa, lastrada fundamentalmente por un prezo inasumible da enerxía para unha produción competitiva.

O mero relato dos feitos é implacable co Goberno Sánchez primeiro, e co Goberno Sánchez-Iglesias, apoiado polo BNG, despois, posto que amosa un desleixo absoluto na solución deste problema.

- O 31 de outubro de 2018, a ministra Teresa Ribera anunciou por primeira vez un estatuto electointensivo no Congreso.
- O 5 de febreiro de 2019, Reyes Maroto anuncia o estatuto para dentro de 3 meses.
- O 11 de marzo de 2019, Pedro Sánchez afirmou nun mitin na Coruña que en nove meses o seu goberno xa garantiría o futuro para Alcoa.
- O 26 de xuño de 2019, unha vez pasadas as eleccións xerais, Reyes Maroto afirmou que se aprobaría o estatuto en canto se configurase o Goberno.
- O 20 de xaneiro de 2020, logo dunha repetición electoral e co goberno de coalición xa configurado, a ministra Yolanda Díaz dixo que o estatuto estaría aprobado "nuns días".

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTROGGD0Yerq7
Verificación
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





Cando por fin presentaron un borrador de estatuto, en febreiro de 2020, tanto as administracións autonómicas, como as empresas, como os comités coincidiron en que era insuficiente e non garantía a continuidade das industrias electrointensivas. De feito, Galicia, Asturias e Cantabria, tres autonomías gobernadas por partidos políticos distintos, conseguiron pactar unhas alegacións comúns ao Estatuto do Goberno, demostrando que este non era un tema de batalla política, senón de defensa dos intereses da industria e do emprego. Malia isto, a resposta do Goberno Central seguiu a ser o silencio e a deixadez.

O 30 de xullo, Alcoa informou de que o principal interesado en mercar as plantas de Lugo é o grupo Liberty House. Así, o 20 de agosto, o presidente Alberto Núñez Feijóo reuniuse cos responsables de Liberty House para coñecer o plan de futuro que teñen previsto desenvolver en Alcoa San Cibrao no caso de que a operación de compra-venta da factoría se resolva de forma satisfactoria. Neste sentido, a administración autonómica insistiu en que segue aberta a colaborar e formar parte da solución, sempre que esta pase por un proxecto viable e de futuro que garanta o mantemento dos postos de traballo e da actividade dunha factoría esencial para o desenvolvemento económico de toda a comarca da Mariña.

Con todo, desde o Grupo Popular entendemos que a solución, sexa a que sexa, pasa necesariamente por garantir un prezo eléctrico competitivo para toda a industria electrointensiva, que dea certezas ao sector e despexe o horizonte de cara ao futuro e garanta a viabilidade das empresas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno Central para

1. Fixar un prezo eléctrico competitivo, que pase pola aprobación dun estatuto para consumidores electrointensivos, incrementar ata o máximo que autoriza a Unión Europea as compensacións por custos indirectos de CO2 e un novo sistema de xestión da demanda que substitúa á poxa por interrompibilidade.
2. Amosar o seu compromiso de avaliar que proxectos do plan industrial de Liberty para as fábricas de Alcoa poidan optar ao Fondo Europeo de Recuperación Europeo de Recuperación.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 910
 Data envío: 26/08/2020 20:02:45.144

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:51:07

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:51:23

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:51:43

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 19:52:06

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:52:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:52:33

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 19:52:43

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 19:52:53

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 19:53:04

María Elena Candia López na data 26/08/2020 19:53:15

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 19:53:33

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 19:53:44

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:53:56

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 19:54:08

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 19:54:17


Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 19:54:29

CSV: REXISTROXDO/e1q7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





(0002265) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **910 (11/PNP-000065)**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 22 de setembro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que se dirixa ao goberno central para:

1. Apostar, en relación con Alcoa San Cibrao e no caso de manterse a negativa da empresa a negociar ou vender, pola intervención pública para a nacionalización da planta de aluminio de forma que se garantice a continuidade da actividade e dos postos de traballo.
2. Actuar para asegurar o futuro de Alu Ibérica, incluíndo a intervención pública, se os inversores privados non garanten a continuidade da actividade.
3. Aprobar un Estatuto do Consumidor electrointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electrointensiva, é dicir, que garantice un prezo estábel, predicíbel e asumíbel. Para iso, será necesario mellorar o borrador presentado, actuando sobre a peaxe de transporte, cunha bonificación do 100% e tamén

CSV: REXISTRO756BXA+29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 21/09/2020 17:02:18
Nº Rexistro: 2265
 Data envío: 21/09/2020 17:02:18.538



8847326
 8847326
 054269
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

coa subida ao 100% a bonificación dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ao máximo permitido a compensación por CO2.

4. Facilitar a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega, dada a condición de país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que permita abaratar o custo da electricidade tanto para as empresas como para os particulares.

5. Amosar o seu compromiso para que as factorías e os proxectos asociados á súa continuidade poidan optar ao Fondo Europeo de Recuperación e a aqueles que se poidan arbitrar.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2020 16:58:54

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2020 16:59:04

CSV: REXISTROTypeBAH29
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0002274) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación (doc. Núm. 910).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *ab initio* o seguinte:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Seguir traballando na Mesa Multilateral liderada polo Ministerio de Industria para acadar resultados no proceso de venda da factoría de ALCOA en San Cibrao a un novo investidor, que garanta a continuidade da actividade e os actuais postos de traballo na planta da Mariña lucense.
2. Desenvolver as súas competencias en materia industrial establecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, elaborando un plan industrial para a Mariña de Lugo co fin de promover a actividade económica e laboral da comarca lucense, con proxectos e apoio financeiro que consoliden a actual actividade industrial, fomenten a aparición de proxectos emprendedores e atraian a novas empresas a dito territorio.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data **21/09/2020 17:44:24**

Gonzalo Caballero Míguez na data **21/09/2020 17:45:00**

CSV: REXISTROCDJZWLDIG
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





4.6 11/PNP-000111 (0001272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Daniel Castro García

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Mercedes Queixas Zas

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19



(0001272) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Td. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputados **Manuel Antonio Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa a comunidade educativa ante a obrigatoriedade de uso das máscaras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O protocolo de uso de máscaras para afrontar a crise da COVID 19 nos centros de ensino está a provocar unha importante preocupación nas familias. Esta preocupación vén motivada polo impacto económico que a compra destes equipos de protección básica supón nas súas economías.

É obriga da administración pública garantir o dereito ao ensino presencial e seguro. Pero nun novo exercicio de improvisación e irresponsabilidade, a Xunta recunca nunha deixación de funcións que obriga ás familias á asumir o custo íntegro das máscaras. Uns elementos de seguridade estes, que supoñen unha protección imprescindible para que o noso alumnado poida desenvolver o seu proxecto educativo neste contexto.

CSV: REXISTRO:fmYWB18
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2020 17:23:39
Nº Rexistro: 1272
Data envío: 03/09/2020 17:23:39.136

Para alén desta situación, a Xunta descarga tamén o impacto económico dos EPIS e material de desinfección nos centros de ensino. Un gasto que a Xunta obriga a executar con cargo ao orzamento dos propios centros de ensino e que obriga a claustros e equipos directivos a empregar fondos que deberían ser destinados á mellora da calidade educativa nuns fins que son competencia exclusiva da Xunta.

O custo de máscaras para as economías familiares supón un gasto a todas luces inasumíbel polas familias. A obriga de os alumnos empregaren 2 máscaras ao día implica un gasto 9,6 € semanais (38,4 € por alumna).

Con esta situación, atopámonos con que unha familia con dous fillos ou fillas en idade escolar ten que asumir case 80 euros ao mes nuns equipos de protección sen os cales poden exercer o seu dereito ao ensino.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que obrigando ás familias a realizar este desembolso, estase a poñer obstáculos no dereito fundamental do noso alumnado a ter unha educación pública e de calidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/09/2020 17:23:39
Nº Registro: 1272
 Data envío: 03/09/2020 17:23:39.136



REGISTRO
 SANCIONADO
 04/09/2020
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

1º.- A asumir as súas competencias en materia educativa e facerse cargo do custo das máscaras por ser un elemento imprescindible para garantir o dereito fundamental á educación.

2º.- A asumir de xeito directo os gastos do material de seguridade e limpeza que se está a repercutir no orzamento dos centros.”

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**
Mercedes Queixas Zas
 Deputado e deputada do G.P. do BNG
Manuel Antonio Lourenzo Sobral
 Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2020 17:17:47

Daniel Castro García na data 03/09/2020 17:17:52

CSV: REXISTROc4mYw8B
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2020 17:23:39
Nº Registro: 1272
Data envío: 03/09/2020 17:23:39.136



BOLETA
NACIONALISTA
GALIEGA
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/09/2020 17:18:03



(0002272) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do BNG, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-10 (doc. Núm. 1272)

Emenda de adición

No punto 1º da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto: “... tanto do alumnado como do persoal docente e non docente dos centros educativos.”.

Emenda de modificación

O punto 2º da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

2º. “Realizar as modificacións orzamentarias precisas para:

- a) Compensar os concellos polo incremento de custos derivados das tarefas que deben levar a cabo nos centros de educación infantil e primaria para dar cumprimento ás obrigas derivadas da situación provocada pola covid-19.
- b) Dotar os centros de educación secundaria e réxime especial do persoal suficiente naqueles casos que sexa necesario para dar cumprimento ás obrigas derivadas da situación provocada pola covid-19.
- c) Incrementar as dotacións de gastos de funcionamento dos centros de maneira que o incremento de gasto que deben asumir non supoña, en ningún caso, mingua doutros gastos ordinarios.
- d) Actuar de idéntica maneira na Consellería de Política Social con respecto aos centros da Rede Galiña Azul.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 17:52:17
Nº Rexistro: 2272
Data envío: 21/09/2020 17:52:17.648

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2020 16:59:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/09/2020 16:59:27

CSV: REXISTRO88ahR1D7
Verificación:
<https://sede.parlamento.galicia.gal/ramtes/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA